



CONCELLO DE TUI



Con data 22 de xullo de 2019, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro mércores día 24 de xullo ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesiós da Casa do Concello, convocándose para mércores dado que o xoves, día 25 de xullo é festivo na comunidade, e a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador de acta de sesión anterior nº 9, de 28/06/2019.

2º.- Expediente 263/2019. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais a proposta de acordo da Alcaldía de data 15/07/2019 sobre declaración de deserta da licitación do servizo de "Limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Tui (Lote nº 1 Edificios Escolares-Conservatorio-Guardería; Lote nº2: Resto de dependencias.)"

3º.- Expediente 1434/2019. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal a proposta da concelleira de Facenda, de data 15/07/2019, de bonificación de ICIO a Escarabello, S.L. por obras en Porta da Pía.

4º.- Expediente 2987/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal a proposta da Concelleira delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 15/07/2019, de Bonificación ou Exención Tributaria ICIO Paramos.

5º.- Mocións de urxencia.

B).- Actividade de control:

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



6º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía do nº 75 de 25/01/2019 ata o nº 218 de 20/02/2019; do nº 219 de 21/02/2019 ata o nº 332 de 21/03/2019; do nº 333, de 22/03/2019 ata o nº 483, de 17/04/2019; Do nº 484, de 18/04/2019 ata o nº 834, de 18/07/2019.

7º.- Dación de conta informe morosidade 3º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 3º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

8º.- Dación de conta informe morosidade 4º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 4º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

9º.- Dación de conta execución trimestral 3º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

10º.- Dación de conta execución trimestral 4º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

C).- Rogos e preguntas:

11º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se fai público para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde, Enrique Cabaleiro González

Documento asinado dixitalmente á marxe.